

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	4 de agosto de 2022
Duración	Desde as 21:04 ata as 21:54 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	AMALIA GOLDAR CORA (nomeada por Decreto da Alcaldía n.º 2022-1093, de 1 e agosto)
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	NON
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS: «Decreto de delegación de competencias 2022-1093, de 1 de agosto»		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE XULLO DE 2022

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidenta a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 4557/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA Nº 36/2022.

Favorable | **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 10
En contra: 0
Abstencións: 8
Ausentes: 0

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 9KKS7G3CZ4M244LR5FS932Y06 | Corrección: https://raestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 15

Para explicar este asunto se lle concede a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen informa que estamos ante unha modificación orzamentaria para financiar a parte que lle corresponde ao Concello de todas as actuacións relacionadas cos fondos FEDER, e que deriva dunha obriga á hora de participar na convocatoria nestes fondos. Nesta proposta se relacionan as diversas actuacións que se fixeron,.

Continúa dicindo que esta modificación orzamentaria importa a cantidade de 32.472,00 euros, financiada coas partidas detalladas no correspondente expediente.

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que este expediente deriva da obriga legal que ten este Concello como beneficiario dos fondos FEDER e de facer publicidade deses fondos, pero o Anexo 12 do Regulamento 1303/2013 non establece ningún tipo de contía económica sobre o importe deses fondos e que se deban destinar á publicidade dos mesmos, aínda que é certo que establece unha regulación, pero, en ningún caso, establece uns criterios concretos. Polo dito, valora esta proposta como que sae do grupo de goberno coa conformidade da Comunidade Europea, sen embargo, se se vai ao fondo do asunto e se analizan as partidas que se pretenden incluír nesta modificación sobre a planificación da EDUSI (que se financia con baixas), se ve como o grupo de goberno pretende destinar 105.000,00 € a este tipo de actuacións de publicidade e propaganda, algo que lle parece desorbitada, considerando que podía estar mellor invertida en novos servizos ou investimento a cargo destes fondos europeos. Así, di que se pretende aprobar unha partida de 4.500,00 € para a promoción do programa de “Revivamos o Rural”, o cal está contemplado nestes fondos europeos e concedidos 400.000,00 € para o seu desenvolvemento, se embargo está executada cero euros, polo que non lle ve ningún sentido a que se contemple unha partida de 4.500,00 € para a promoción de actuacións que non se fixeron, salvo que a actuación sexa ter 400.000,00 € para investir nas nosas parroquias e utilizar cero euros para elo; ante o dito considera que vender actuacións que non se fixeron dista moito de como debería ser a comunicación dun goberno serio.

Finalmente, considera que estes cartos podería destinarse a outras cousas e facer un plan moito máis modesto e por un importe menor e non destinalos a publicidade, pero tendo en conta os prazos que rexen esta convocatoria de fondo europeos, ademais de ser unha obriga legal, o seu grupo absterase na votación.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Caaais**, para dicir que lle parece un gasto excesivo en publicidade, entendendo que hai que gastar máis e publicitar menos, e que este grupo de goberno se caracteriza polos grandes anuncios e poucos feitos, polo tanto o seu grupo se absterá na votación.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen di que comparte o manifestado polos anteriores voceiros, considerando que é estraño que se gaste tanto en publicidade, ademais no rural, onde menos investimento se fai. Lle parece unha mágoa que se deixase pasar esta oportunidade de destinar eses cartos no noso rural, aínda que a publicidade é importante para que a veciñanza saiba o que o Concello está a facer, pero publicitar sen facer nada non ten moito sentido. Polo dito e sumándose ao alegado polo grupo socialista, vaise a abster na votación.



Volve a intervir o Concelleiro delegado de Facenda e voceiro do Partido Popular, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para dicir que os grupos da oposición entenderon en parte a proposta que se está tratar, xa que estamos ante unha obriga legal onde se está facer unha comunicación e unha publicidade de fondos FEDER e onde os mínimos os establece Europa, xa lle gustaría ao grupo de goberno gastar parte dese diñeiro noutras actuacións. Aclara, así mesmo, que se trata de comunicación e publicidade e non de propaganda, porque estamos antes unha esixencia legal que hai que cumprir co obxecto de facer entender á cidadanía estradense de que estas obras están financiadas con fondos FEDER e, reitera, que o importe o establece Europa.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MÓVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista la propuesta del Concejal delegado de Hacienda, de fecha 21/07/2022, en relación co el asunto que se trata a continuación.

Vista la Memoria firmada por el Concejal delegado de Hacienda el 21/07/2022.

Visto que, por Providencia de la Alcaldía de 21/07/2022, fue incoado el expediente número 1/A/2022, en la modalidad de créditos extraordinarios y suplementos de créditos financiado mediante bajas de crédito en aplicaciones de gastos del presupuesto en vigor cuyas dotaciones se estiman reducibles sin perturbación del respectivo servicio.

Visto que el expediente tiene carácter urgente y no puede demorarse hasta el ejercicio siguiente.

Visto el informe emitido por la Intervención municipal al respecto con fecha 21/07/2022

Visto el dictamen adoptado por la Comisión informativa de Hacienda y Especial de Cuentas en sesión celebrada o 27/07/2022.

Visto lo dispuesto en el artículo 177 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el R. Decreto-Legislativo 2/2004, y en el artículo 35 del R. Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Y, teniendo en cuenta lo debatido en esta sesión, se adopta, por maioría, los siguiente **ACUERDOS**:

Primero.- Aprobar el expediente de créditos extraordinarios y suplementos de créditos 1/A/2022 (modificación presupuestaria número 36/2022) financiado mediante bajas de crédito, por importe total de 32.472,00 euros, de acuerdo con el siguiente detalle:

1. Aplicaciones del presupuesto de gastos que se dotan de crédito extraordinario (18.952,00 euros). Código de proyecto 2022-2-ECOMU-38-1:

150.627.02. Descripción: "Proyectos complejos. Comunicación. Línea 2 EDUSI"
Importe: 2.800,00 €

150.627.04. Descripción: "Proyectos complejos. Comunicación. Línea 4 EDUSI"
Importe: 12.000,00 €

150.627.05. Descripción: "Proyectos complejos. Comunicación. Línea 5 EDUSI"
Importe: 4.152,00 €



2. Aplicaciones del presupuesto de gastos que se dotan de suplemento de crédito: (13.520,00 euros). Código de proyecto: 2022-2-ECOMU-38-1:

150.627.01. Descripción: "Proyectos complejos. Comunicación. Línea 1 EDUSI"
Importe: 6.000,00 €

150.627.11. Descripción: "Proyectos complejos. Comunicación. Línea 11 EDUSI"
Importe: 7.520,00 €

3. Recurso financiero: bajas de crédito en las aplicaciones que se indican (32.472,00 euros):

150.623.20.00. Descripción: "Humaniz. alameda. Aseo autolimpiable. EDUSI Línea 1"

Proyecto: 2021-2-EASEO-40-1.

Importe: 1.727,71 €

150.623.17.00. Descripción: "Renovación Alumbrado Público. EDUSI Línea 1"

Proyecto: 2021-2-EALUM-12-1.

Importe: 4.272,29 €

150.640.20.00. Descripción: "PMUS. Proyecto Plaza Feria. EDUSI Línea 3"

Proyecto: 2021-2-ECONP-30-1.

Importe: 2.800,00 €

150.633.17.00. Descripción: "Renovación Alumbrado Público. EDUSI Línea 4"

Proyecto: 2021-2-EALUM-12-1.

Importe: 12.000,00 €

150.610.20.02. Descripción: "Humaniz. alameda. Aseo autolimpiable. EDUSI Línea 5"

Proyecto: 2021-2-EASEO-40-1.

Importe: 356,45 €

150.640.20.01. Descripción: PMUS. Proyecto. Calle Ulla. EDUSI Línea 11"

Proyecto: 2021-2-ECONP-30-1.

Importe: 2.075,52 €

150.227.17.99. Descripción: "Asistencia técnica. EDUSI Línea 13"

Proyecto: 2021-3-EASIS-16-1.

Importe: 9.240,03 €

Segundo.- Este expediente de modificación de créditos 1/A/2022, que se aprueba inicialmente, se expondrá al público por espacio de quince días hábiles en el departamento de Intervención del Ayuntamiento, mediante anuncio en el Boletín Oficial de la provincia y en el tablón de anuncios de la corporación, plazo en el que las personas interesadas podrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno, en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 177.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el R. Decreto-Legislativo 2/2004, y 38.2 en relación con el artículo 20.1 del R. Decreto 500/1990, del 20 de abril.

Tercero.- Este expediente de modificación de créditos se considerará definitivamente aprobado, de conformidad con los artículos citados en el apartado anterior, si durante el citado período no se presentaran reclamaciones.

Expediente 4591/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA





E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA Nº 37/2022.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10

En contra: 0

Abstencións: 8

Ausentes: 0

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Popular e Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para explicar que estamos antes unha proposta de modificación orzamentaria e concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiado mediante remanente líquido de Tesourería do exercicio 2021, por importe de 1.143.100,00 €, que ten como destino o financiamento dunha serie de actuacións relacionadas neste expediente, entre elas expropiacións de terreos, melloras da capa da rodadura de varios viais do rural e do casco urbano, actuacións relacionadas cos edificios educativos, deportes, agricultura, rutas turísticas, etc; destacando unha subvención nominativa a favor da Asociación de Comerciantes da Estrada por importe de 135.000,00 €.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que considera que, neste expediente, o grupo de goberno fai unha xogada politicamente intelixente, xa que nel se contemplan varias partidas, algunhas delas aos que o seu grupo votaría a favor (por exemplo os asfaltados), sen embargo hai outras que teñen pouca xustificación, por exemplo as relativas a posibles expropiacións, ao diñeiro destinado polo COVID e para posibles imprevistos para a obra de aplanamento das pistas de atletismo, do que na Comisión Informativa previa a esta sesión non se lles deu unha clara explicación. Ante o dito, observa que se trae aquí unha serie de partidas en bloque para, posiblemente, defenderse dun voto en contra da oposición, non entendible cando o grupo de goberno vota sempre en contra de mocións ou propostas da oposición para esixir traballos ou investimentos, que deixa claro que non están en condicións de falar deste tipo de cuestións.

Continúa dicindo que o seu grupo pensa que dentro destes remanentes de Tesourería hai un problema de fondo, porque pensa que os orzamentos deste Concello non debería xerar remanentes, porque deberían de prestarse servizos o facerse investimentos para os veciños e veciñas deste municipio, pero este grupo de goberno opta por non facelos e entón se producen aforros. Por outro lado di que, neste exercicio, o grupo de goberno acordou, co seu único favorable endebedar a este concello en catro millóns e medio de euros, cando había tres millóns e medio de euros de remanentes, algo que considera que non ten sentido e que deixa que a actual xestión económica sexa moi discutible e que deixa claro as diferenzas do seu grupo co de goberno á hora de xestionar os orzamentos municipais; así, o grupo socialista considera que se deberían facer outro tipo de investimentos ou prestación de servizos, algo que o grupo de goberno non ten en conta cando se lles fai algunha proposta, exemplo disto é a proposta que se fixo para dotar unha partida económica con 200.000,00 € para estende a fibra óptica no rural e que non foi atendida antes nin agora.

Di que pensa que o grupo de goberno trae esta proposta, onde os grupos da oposición teñen voz pero non posibilidade de participación, polo que lles recomenda que abandonen esa postura de dicir non a todo por sistema e que atendan ás propostas da oposición e que nacen das peticións e necesidades da nosa veciñanza.

Finalmente, di que, como hai nesta proposta cuestións coas que o grupo socialista está



totalmente de acordo e outras coas que teñen dúbidas manifestas, o seu voto será a abstención.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para transmitir que está de acordo coas partidas contempladas no expediente, é dicir, o destino que se lle da aos remanentes de Tesourería, pero o que non entende é a contía destinada a cada unha das actuacións a parte de non estar de acordo coa; así está de acordo coa partida para as Pistas de Atletismo, sen embargo lle parece excesiva a cantidade destinada para elo. Por outra parte, lamenta que os grupos da oposición queden excluídos nunha participación real para o reparto destes remanentes de crédito, non téndose en conta as súas propostas, ademais de que non se lles da información sobre como se van a executar os gastos contemplados nas partidas relacionadas neste expediente. Polo dito, o seu grupo non vai a lexitimar esas partidas tal como veñen expostas neste expediente, a pesar de que está de acordo coas actuacións a que van destinadas, polo dito se absterá na votación.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para transmitir a súa opinión de que hai cuestións nas que son importantes investir, pero considera que estes remanentes deberían utilizarse para mellorar determinados servizos municipais, por exemplo a fibra óptica no rural ou saneamentos tamén no rural. O desacordo dos grupos da oposición con esta proposta é debido a unha cuestión de forma e non de fondo, polo que cre que se debería de dar unha volta por parte do equipo de goberno sobre cales son as necesidades reais máis básicas e atendelas, porque, ao final, se está investindo en actuacións que considera non necesarias e que se poderían facer doutro xeito sen utilizar os remanentes de Tesourería, en vez de empregalos para obras e servizos que necesitan dun pulo e que, ano tras ano, se van deixando. Polo manifestado, o seu grupo se absterá na votación.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MÓVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 22/07/2022, en relación co asunto que se trata a continuación.

Vista a Memoria da Concellaría de Facenda de 22/07/2022.

Incoado, previa Providencia da Alcaldía de 22/07/2022, o expediente de créditos extraordinarios e suplementos de créditos 1/R/2022 financiado mediante remanente líquido de tesourería, co obxecto de mellorar a calidade de vida, dinamizar os distintos sectores económicos e produtivos dos estradenses e paliar o impacto económico provocado pola COVID-19, por importe total de 1.143.100,00 euros.

Visto que a inclusión neste expediente dunha subvención nominativa á Asociación Comerciantes da Estrada (ACOE) destinada a "campañas de dinamización económica COVID-19", por importe de 135.000,00 euros, supón a necesidade de modificación da Base nº 55 (ACTIVIDADE SUBVENCIONAL) das de execución do orzamento 2022.

Visto que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido con data 22/07/2022 pola Intervención municipal.

Visto o ditame acadado pola Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas



na sesión celebrada o 27/07/2022.

Visto o disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de créditos extraordinarios e suplementos de créditos 1/R/2022 (modificación orzamentaria número 37/2022) financiado mediante aplicación do R.L.T. dispoñible, por importe total de 1.143.100,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

1. Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de crédito extraordinario (500.500,00 euros):

151.600.00. Descrición: “Expropiación e Adquisición de terreos”

Importe: 98.000,00 €

153.610.00. Descrición: “Inv. Reposición. Mellora da capa de rodadura e drenaxe de vías municipais”.

Proxecto: 2021-4-RODRE-69-1.

Importe: 84.000,00 €

323.3.632.00. Descrición: “Investimento reposición. Edificios e outras construcións. Galiña Azul”

Importe: 5.000,00€

340.610.00. Descrición: “Inv. Reposición. Accesos zona deportiva”

Importe: 7.000,00€

439.489.00. Descrición: “Subvención Nominativa. Asociación Comerciantes da Estrada (ACOE). Campañas dinamización económica COVID-19”

Importe: 135.000,00€

450.0.610.09. Descrición: “Inv. Reposición. Mellora vías rurais”

Proxecto: 2021-2-AVR21-65-1.

Importe: 49.000,00€

450.0.610.09. Descrición: “Inv. Reposición. Mellora vías rurais”

Proxecto: 2021-2-VMACG-95-1.

Importe: 24.000,00€

450.0.610.09. Descrición: “Inv. Reposición. Mellora vías rurais”

Proxecto: 2021-2-VMCUR-94-1.

Importe: 11.500,00€

450.0.610.09. Descrición: “Inv. Reposición. Mellora vías rurais”

Proxecto: 2021-2-PVR21-62-1.

Importe: 48.000,00 €

450.0.610.10. Descrición: “Inv. Reposición. Mellora vías urbanas”

Proxecto: 2021-2-PVURB-80-1.

Importe: 19.000,00€

450.0.610.11. Descrición: “Inv. Reposición. Melloras Vías Públicas. Servizo maquinaria varias rúas e vías”

Importe: 20.000,00€

2. Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de suplemento de crédito



(642.600,00 euros):

323.1.632.00. Descrición: “ Investimento reposición. Edifícios e outras construcións. Educación Básica”

Importe: 30.000,00 €

330.226.99. Descrición: “ Gastos diversos. Cultura”

Importe: 100.000,00 €

338.226.99. Descrición: “ Gastos diversos. Festexos populares”

Importe: 50.000,00 €

340.226.99. Descrición: “ Gastos diversos. Deportes”

Importe: 100.000,00 €

340.627.00. Descrición: “Investimento novo. Explanación de Parcela para Pista de Atletismo”

Proxecto: 2022-4-ATLES-1-1

Importe: 85.000,00 €

410.226.10. Descrición: “Organización Feiras. Agricultura e Gandeiría”

Importe: 13.000,00€

430.227.07. Descrición: “Estudos e Traballos Técnicos. Promoción Comercial”

Importe: 4.000,00€

432.623.00. Descrición: “Inv. Novo. Maquinaria e instalac. Rutas Turísticas”

Importe: 20.600,00€

450.0.210.01. Descrición: “Reparación infraestructuras. Vías rurais”

Importe: 60.000,00 €

450.0.221.99. Descrición: “Outras subministracións. Vías públicas”

Importe: 60.000,00 €

920.0.227.09. Descrición: “Traballos Outras Empresas. Limpeza e Aseo Covid-19”

Importe: 120.000,00 €

3. Orzamento de ingresos:

Concepto de ingresos: 870.00

Recurso financeiro: Remanente Liquido de Tesourería.

Importe: 1.143.100,00 euros

Segundo.- Aprobar a modificación do parágrafo VII da Base nº 55 (ACTIVIDADE SUBVENCIONAL) das aprobadas para a execución do orzamento en vigor, engadindo, como subvención nominativa, a seguinte:

- Aplicación: 439.489.00.
- Descrición: “Asociación Comerciantes da Estrada (ACOE). Campañas dinamización económica COVID-19” Importe: 135.000,00€

Este acordo de modificación das Bases de execución do orzamento de 2022, que se aproba inicialmente, require os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, segundo o disposto nos artigos 169 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto-Legislativo 2/2004, e 20 do R. Decreto 500/1990.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos 1/R/2022, que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia e no taboeiro de anuncios da corporación, prazo no que a persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora





das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto-Legislativo 2/2004, e 38.2, en relación co artigo 20.1 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentasen reclamacións.

-

Antes de pasar ao apartado de Actividade de Control a **Sra. Presidenta** desta sesión pregunta se algún dos grupos políticos quere presentar algunha moción de urxencia.

Non habendo, procédese a continuar coa orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 5341/2021. DACIÓN DE CONTA DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A ESTE CONCELLO, AO ABEIRO DA LIÑA 1 DO PLAN CONCELLOS 2020

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 22/07/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vistas as Bases reguladoras e Convocatoria do Plan Provincial de Obras y Servizos 2020 (PLAN CONCELLOS 2020) de Excm. Deputación de Pontevedra, publicadas no Boletín Oficina da Provincia de Pontevedra nº 1 de 02/01/2021.

Visto que a Deputación Provincial de Pontevedra concedeu distintas axudas para levar a cabo investimentos ao abeiro da Liña 1 de dito Plan (reinvestimento de baixas).

E, atendendo á cláusula 21.3.1 das Bases da convocatoria, na que se establece que, entre a documentación a presentar para a xustificación dos investimentos realizados, debe figurar "*Dación de conta ao Pleno da concesión das axudas outorgadas pola Deputación*",

DÁSE CONTA:

Das seguintes axudas concedidas pola Deputación de Pontevedra ao Concello da Estrada ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2020 por reinvestimento de baixas:

1.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, acordou, entre outros, conceder unha axuda por importe de 260.139,11 € para levar a cabo o investimento "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO URBANO".

2.- Por resolución presidencial de data 14/03/2022 a Deputación Provincial de Pontevedra concedeu unha axuda por importe de 9.848,31 € para levar a cabo o investimento "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA RÚA DO MUÍÑO".

A Corporación en Pleno queda sabedora.



DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE XULLO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 29 de xullo de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0916 ao número 2022-1085, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para pedir que estes rogos que vai a presentar sexan anotados e tidos en conta polo equipo de goberno e non pase como noutras sesións en que fan caso omiso. Comeza lembrando a proposta do seu grupo para o establecemento dun horario para carga e descarga nas rúas peonais de Calvo Sotelo e Ulla, pregando que teñan en conta que esta decisión deriva dunha decisión política e soluciónase a través dos técnicos e non ao revés.

Ante a existencia de actividade dentro do antigo edificio do Ambulatorio e, ante os problemas de infraestrutura que ten, prega que se faga un reforzo da vixilancia das actividades que se fan nesa contorna, porque existe o risco que esta edificación se deteriore de tal maneira que non sexa recuperable para o patrimonio municipal.

Traslada varias queixas sobre os desbroces nas parroquias, porque hai zonas ás que non se chega e nalgunhas ás que se chega existen queixas veciñais por non cumprir as súas expectativas, de feito el mesmo comprobou que os desbroces non cumpren coa súa función, porque as máquinas tumban a herba en vez de cortala; informa, así mesmo, que os veciños lle din que o responsable do traballo di que non se pode tumbar máis o elemento de corte da máquina porque entón esta rompería. Ante o día prega que se interesen por este asunto e porque os desbroces se fagan de forma axeitada e eficaz.

En relación aos xardíns municipais, prega, en primeiro lugar, que arranxen aos xogos infantís existentes ante a queixa dalgúns veciños sobre a inestabilidade dalgúns elementos, así como que se melloren as condicións de seguridade nos mesmos; en segundo lugar, prega que se mire polo mantemento dos elementos alí instalados, entre eles os bancos de madeira.

Traslada a solicitude dun veciño da aldea de Celeirón para que no cruce de cara a Ver, se volva a colocar unha sinal de STOP que se atopa tirada.

Dirixíndose á presidenta desta sesión, Sra. Amalia Goldar, lle pregunta, en relación coas declaracións feitas no día de onte na radio, se a súa positiva valoración dos Obradoiros de Emprego, por qué este ano non se solicitan.

A **Presidenta** da sesión lle contesta que os rogos serán atendidos; en canto á zona de carga e descarga nas rúas de Calvo Sotelo e Ulla, aclara que calquera decisións que toma o equipo de goberno é antes consultada cos técnicos municipais, polo que lle sorprende que diga o voceiro socialista que é unha decisión política, xa que os criterios a seguir non son os gustos dun concelleiro ou concelleira ou ben decisión persoal do Alcalde, senón sempre baseadas en criterios técnicos.





En canto ao antigo Centro de Saúde, xa se falou sobre el e sobre o seu mantemento en varias sesións, onde se deixou constancia de que se traba dun problema serio e problemático.

En canto aos desbroces, nestes próximos días intentará falar coas persoas que fan os traballos para saber que é o que está a pasar e atender as queixas veciñais, das que non tiña coñecemento.

No que respecta aos xogos infantís dos Xardíns municipais, di que se revisarán os seus problemas, de xeito algún xa foi subsanado; así tamén se revisarán os bancos alí existentes.

Con respecto a sinal de STOP caída en Celeirón, falará co persoa de vías para que procedan á súa recolocación.

Por último, en canto ao tema dos Obradoiros de Emprego, esa pregunta xa foi contestada polo Alcalde na sesión plenaria anterior e ás súas declaracións se remite.

Intervén a voceira do grupo político de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar, en primeiro lugar, as queixas dos veciños do lugar de O Sexto da parroquia de Ribela pola mala recepción da sinal de internet nesta zona; ante isto quere instar a que se fagan esforzos dende o Concello para axilizar a extensión da fibra óptica do rural estradense, porque son moitos os lugares do noso municipio que están pendentes de que se lles resolva este problema. Con respecto a este tema, quere lembrar que dotar de fibra óptica ao rural é esencial para asentar poboación. Polo dito, prega que se atenda esta demanda e non se queden en nada as declaracións feitas no seu día polo Alcalde nun tema de publicidade e prensa.

Transmite tamén a reclamación da nosa cidadanía, en concreto aqueles que utilizan o transporte público habitualmente, pola falta de liñas de comunicación a outros puntos que non sexa a Santiago, incluso do rural á vila, demandando, así mesmo, a posibilidade de utilizar os baños da Estación de Autobuses, así como poder esperar o autobús ao cuberto os días de choiva. Ante o dito, quere estender este rogo a que sexan colocadas marquesiñas nos puntos de parada do transporte público na zona urbana (Gran Vía, no fondo da Avda de Santiago, xunto ao Concello, etc).

Continúa trasladando un rogo duns veciños que reclaman un punto de luz na estrada a Vinseiro, concretamente no lugar de Campos, onde hai unha marquesiña de bus.

Prega que se proceda á apertura do Albergue de Sabucedo, por entender que se trata dunha infraestrutura pública municipal e que está en desuso a pesares da demanda que ten e que pode ter por parte dos que fan o camiño de Santiago e doutros veciños ou persoas de España que se queiran acercar á nosa zona. Entende que non pode ser excusa por parte do grupo de goberno a falta de persoal para poñelo en funcionamento, sabendo que a Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo está interesada na concesión da xestión.

Intervén o concelleiro do grupo de MOVETE, **D. Iván M. Sanmartín Eirín**, para trasladar un rogo dunha señora de Nigoi e que xa foi tratado na sesión plenaria de maio, polo que reclamaba un punto de luz, nese momento o concelleiro Constenla Carbón dixo que se ía a contestar por escrito, sen embargo lle comunica dita señora que ninguén se comunicou con ela, polo que prega que se lle dea contestación. Tamén quere deixar de manifesto que esa mesma veciña reclama que se requira á persoa propietaria da leira que linda coa súa casa para que proceda a súa limpeza, xa que está chea de maleza e lle preocupa o perigo que poida sufrir ante un incendio (facilita o número de fincas e polígono, que queda rexistrado no audio), pregando que se atenda a esta solicitude.

Ás anteriores intervencións responde a **Sra. Presidenta**, dicindo, con respecto ao tema de internet no rural, que se está traballando neste tema, esperando atopar unha pronta solución, aínda que non é fácil.



En canto aos baños da Estación de Autobuses, se está a solucionar, aínda que había un problema sobre onde se deixaba a chave, pero se trata dun tema que leva o concelleiro Constenla Carbón, sen embargo vai a facer as indagacións correspondentes para darlle unha solución.

Informa que se intentaron poñer marquesiñas nas paradas de autobús do casco urbano, pero se choca cos problemas de espazo, xa que se tapan escaparates de comercios ou se ocupa moita beirarrúa, pero está de acordo en que é un tema importante é necesita solución.

En canto á colocación de novos puntos de luz, xeralmente a xente chama á Alcaldía dando os datos, trasladando os recados aos electricistas que, nun día ou dous, solucionan os problemas, salvo que haxa outro tipo de impedimento que descoñece, pero mirará por esa petición.

En relación ao Albergue de Sabucedo, di que é un tema que depende do departamento municipal de Cultura, esperando que se chegue a algún acordo porque está conforme con que estamos ante unha infraestrutura á que se debe dar uso.

Dirixíndose ao Sr. Sanmartín Eirín, lle pide que lle facilite os escritos da señora de Nigoi para efectuar as correspondentes indagacións co fin de saber que está pasando.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para, en primeiro lugar, traslada un rogo dun veciño da 2ª Travesía da Rúa San Paio para que se lle conteste ao escrito presentado no Concello por un deslinde dun camiño sito diante da súa vivenda, así como que se lle dea solución á súa reclamación.

A **Sra. Presidenta** non é sabedora deste escrito, polo que pide que se lle facilite o número de rexistro de entrada desta solicitude, comprometéndose a investigar que pasa con este tema.

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando as queixas de moitos veciños e veciñas do centro urbano, en concreto onde está colocada música pola ACOE, polas molestias que lles ocasiona. Entende que estamos ante unha situación problemática, pero, segundo algún veciño, a rúa principal é como entrar nun centro comercial, coa diferenza de que aquí vive xente. Esta mesma reclamación, xa a presentou noutra sesión pasada e o Alcalde lle contestara que era un problema da ACOE e que nada ten que ver o Concello, sen embargo pensa que para que esta asociación poña música nunhas rúas deberá de contar previamente con autorización municipal, entón considera que é responsabilidade do Concello que isto estea acontecendo e terá que buscarlle unha solución. Por outra banda, pensa que a música nas rúas non fai que a xente merque máis, polo que estamos ante unha cuestión de convivencia entre os comerciantes e a veciñanza que sofre un prexuízo, polo que prega que se lle busque solución.

A **Sra. Presidenta** responde que a ACOE é unha asociación independente e ten os seus propios criterios á hora de facer campañas publicitarias, polo que a veces hai que ter un pouco de empatía e así se entende dende o grupo de goberno; pero a pesares disto, se falará coa ACOE para buscar outro tipo de actuación publicitaria que non moleste aos veciños e veciñas, pero non deixamos de estar ante un modelo de convivencia, porque eles teñen o seu dereito de buscar un aumento de vendas e promover o comercio local axustándose á convivencia cos residentes na zona. Finaliza dicindo que se falará con esta asociación.

A **Sra. Camba Castro** di que está a ver carteis doutros administracións nas que a toponimias se castelanizan de xeito manual por alguén, polo que prega que se inste a estras administracións para que corrixan.

Prega, así mesmo, que se poña algún tipo de limitador de velocidade na rúa Pérez



Viondi, ante o crecemento do volume de tráfico, sobre todo pola noite, onde o vehículos soen ir a moita velocidade coa conseguente perigo para os peóns e do ruído que produce.

Tamén quere preguntar como está a solicitude dos veciños e veciñas de A Quenlla – Arnois para solucionar os problemas de desbroce, vertedoiro de auga e da necesidade de reparar o engadido feito para anchar parte da pista que transcorre por este lugar e que necesita tamén dalgún elemento de protección para evitar a saída de coches.

A **Sra. Presidenta** lembra que este tema xa se trouxo a plenos anteriores e se dixo que ese camiño estaba incluído nun plan de pavimentación, pero como non está segura, vai a informarse co fin de poderlle dar un resposta. En canto ao tema da auga, vai a poñerse en contacto co encargado municipal para que se poña solución ao problema.

Interrompe o voceiro socialista, **D. Luis López Bueno**, para lembrar que o seu grupo tamén trouxera este tema ao pleno e o Sr. Constela se comprometera a solucionar varios problemas desta pista, pero aínda non se fixo nada.

A **Sra. Presidenta** queda sabedora, prometendo buscar información para, á súa vez, trasladarlle a ditos voceira e voceiro.

Para finalizar coa súa intervención, a **Sra. Camba Castro** reitera novamente a súa solicitude para fixar unha cita para visitar o Museo Reimóndez Portela (solicitada en cada unha das sesións plenarias anteriores), así como que se proceda á limpeza da maleza que invade a contorna desta edificación. Reitera así mesmo que é necesario revisar o estado no que se atopan todas aquelas pezas cedidas por particulares para expoñer neste museo, porque estas teñen dereito a saber se están ben coidadas ou non. Pide que se lle sea unha data concreta para esta visita, porque sempre se lle da largas, en caso contrario chamará mañá ao Concello para pedila.

A **Sra. Presidenta** di que se trata dunha pregunta moi recorrente e xa foi contestada no seu momento polo concelleiro responsable. Contesta que non pode fixar unha data concreta para a visita, sen embargo llo recordará ao seu compañeiro para que proceda a fixala.

Non habendo máis intervencións e antes de pechar esta sesión, a **Sra. Presidenta** pregunta ao público presente se queren formular algunha pregunta ou rogo, en cumprimento do sinalado polo Regulamento de Participación Cidadá.

Non habendo, procédese a levantar a sesión.

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.
De todo o anterior faise cumprimento.*





DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 9KXSTG3CZ4M244LR5FS932Y06 | Corrección: <https://astrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233